



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Publicación das bases específicas do proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 8 prazas de bombeiro/a (subgrupo C1), C.E. 4/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 25 de outubro do 2023, adoptou a seguinte resolución:

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE 8 PRAZAS DE BOMBEIRO/A (SUBGRUPO C1), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL (C.E. 4/23)

1. OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 8 prazas de bombeiro/a (subgrupo C1), da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase servizo de extinción de incendios. Dúas prazas incluídas na OEP do ano 2020 (BOP núm. 98, do 01/07/2020, modificación BOP núm. 95 do 20/05/2022), 1 praza incluída na OEP do ano 2021 (BOP núm. 171 do 08/09/2021) e 5 prazas incluídas na OEP do ano 2023 (BOP núm. 72, do 17/04/2023), C.E. 4/23.

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para o acceso a prazas de persoal funcionario do Concello da Coruña aprobadas por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 12/04/2023 (BOP núm. 73 do 18/04/2023).

2. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

3. REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

1. Posuír ou estar en condicións de obter a titulación de bacharelato, técnico ou equivalente.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

2. Estar en posesión dos permisos de conducir categorías C, D e E.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

4. SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>) mediante o procedemento específico "Participación en probas selectivas" de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que emende a través da presentación electrónica da solicitude de inscrición nos procesos selectivos.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán declarar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na correspondente convocatoria na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas (modelo 095) dispoñible no seguinte enlace modelo 095, na páxina web www.coruna.gal ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña.

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en diante LPAC), os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello da Coruña, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

4.2 Pago de dereitos de exame

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 14,50 € de acordo coa Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora da taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Oficina Virtual do Contribuínte (OVC) e posterior pago da autoliquidación en Autoliquidacións (coruna.gal), en calquera banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito das que actúan como entidades colaboradoras na recadación tributaria, así como na oficina de recadación municipal situada na Rúa Franja, 20-22.

Estarán exentas do pago desta taxa:

- As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a participación no BOP

En aplicación do artigo 28 da LPAC os documentos que se relacionan de seguido, que xustifican a exención no pago da taxa de dereitos de exame, serán obxecto de consulta nas bases de datos deste concello e doutras administracións públicas segundo proceda:

- Certificación de discapacidade da persoa solicitante
- Certificación expedida polo servizo público de emprego no que conste que a persoa aspirante figura inscrita como demandante de emprego polo menos desde os 6 meses anteriores á data de publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicita a participación

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia destes certificados.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.

5. PROCEDIMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no BOP da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario das convocatorias que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no BOP das listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, etc) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

5.1 FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de 5 exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio. Así mesmo, as persoas aspirantes deberán realizar un recoñecemento médico, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas en base ao cadro de exclusión do Anexo IV.

Primeiro exercicio – probas físicas: Consistirá na realización de todas as probas físicas relacionadas no Anexo I. Para a realización deste exercicio, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento deportivo axeitado. Cada unha das probas físicas incluídas neste exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso realizar cada proba no tempo mínimo esixido para non ser eliminada de acordo coas táboas de tempo establecidas no Anexo I. Para a superación do exercicio deberán superarse cada unha das probas nel incluídas.

A puntuación final deste exercicio será a media aritmética da puntuación obtida en cada unha das probas físicas nel incluídas segundo o establecido no Anexo I.

Para a cualificación deste exercicio a puntuación obtida, segundo o establecido no parágrafo anterior, axustarase a unha escala de 0 a 3 puntos, sendo necesario acadar o tempo mínimo establecido en cada unha das probas para non ser eliminada.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

Segundo exercicio – proba teórica: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario establecido no Anexo II a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A data de realización deste exercicio non terá lugar antes dos 2 meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no BOP.

Para a preparación deste exercicio, teranse en conta as seguintes referencias bibliográficas:

Manuais de preparación: “Formación Libre para Bombeiros”. Publicados na páxina web do CEIS de Guadalaxara (<http://www.ceisguadalajara.es/category/documentacion/>). Todos os documentos atópanse protexidos por unha licenza Creative Commons do tipo BY-NC-SA, de forma que se permite a súa copia, distribución, comunicación e transformación, sempre que se acredite a súa autoría (CEIS Guadalaxara e colaboradores correspondentes), non se utilice con fins comerciais e a obra ou as súas transformacións compártanse baixo unha licenza idéntica a esta.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- 1) Cada resposta correcta puntuará un punto
- 2) Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos
- 3) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 7 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 3,50 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminadas. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 3,50 + 3,50 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P_c = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de 2 días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

Terceiro exercicio – probas prácticas: Consistirá na realización de tres probas prácticas a elección do tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, entre todas as relacionadas no Anexo III. Para a realización deste exercicio, as persoas aspirantes deberán presentarse provistas do equipamento deportivo axeitado.

Este exercicio será cualificado como apto/non apto. Cada unha das probas prácticas incluídas neste exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso realizar cada unha das probas, elixidas polo tribunal, dentro do tempo máximo de realización establecido en cada unha delas no Anexo III para ser considerada apta.

Considerarase que a persoa aspirante non é apta no exercicio cando realice algunha das probas nun tempo superior ao tempo máximo establecido para a súa realización sinalado no Anexo III.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

Cuarto exercicio – proba de aptitude psicotécnica: Este exercicio ten por finalidade determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes en relación ás funcións das prazas convocadas. Consistirá en contestar por escrito, no tempo que determine o tribunal antes do inicio daquel, os seguintes tests de aptitude psicotécnica:

- Test de intelixencia: realizarase unha valoración da intelixencia global, comprensión e fluidez verbal, razoamento abstracto, razoamento espacial, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.
- Test de personalidade: realizarase unha avaliación dos rasgos da personalidade máis significativos para o desempeño das funcións da praza de bombeiro/a, así como do grao de adaptación persoal e social das persoas aspirantes. Asimesmo realizaranse probas para descartar a existencia de anomalías, trastornos de conducta ou de personalidade. Entre outros, avaliarase a estabilidade emocional, habilidades interpersoais, control da impulsividade, capacidade de adaptación ás normas, capacidade de traballo...

Estas probas serán contrastadas cunha entrevista persoal, que terá por obxecto verificar que a persoa aspirante reúne as condicións necesarias para o correcto desempeño das prazas convocadas.

Para a realización deste exercicio o tribunal será asistido dun equipo de psicólogos/as coa formación e experiencia necesarias para a realización deste tipo de probas.

A valoración deste exercicio será de apto/non apto.

Quinto exercicio - proba de coñecemento da lingua galega: Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

Recoñecemento médico: Rematada a cualificación do quinto exercicio, o tribunal convocará, por orde de prelación, de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición, ás persoas que superasen os cinco exercicios da mesma, en número igual que o de prazas convocadas, para a realización do recoñecemento médico.

Este recoñecemento médico terá por obxecto acreditar que as persoas aspirantes posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas, en base ao cadro de exclusión establecidas no Anexo IV. O dito recoñecemento terá carácter obrigatorio e eliminatorio. No caso de que algunha persoa aspirante resultase excluída por causa médica, o tribunal convocará as persoas aspirantes que sigan as inicialmente convocadas, pola orde de prelación establecida anteriormente entre as persoas que superasen os cinco exercicios da oposición, para a realización do dito recoñecemento médico, ata completar o número de prazas convocadas.

As persoas aspirantes aprobadas que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

6. CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. Con todo, sempre que o órgano de selección propuxera o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento, toma de posesión ou formalización do contrato, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria ou non tomen posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de aspirantes que superen as probas e o recoñecemento médico que sigan ás persoas propostas, por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario en prácticas.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos ás persoas aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

7. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

7.1 Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña, xunto coa proposta de nomeamento, nas prazas obxecto desta convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días hábiles, desde o día seguinte ao desta publicación da súa proposta de nomeamento como persoal funcionario.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Esta documentación presentarase por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña, de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Non poderán ser nomeadas funcionarias e quedarán sen efectos as actuacións relativas a aquelas persoas que non acrediten os requisitos esixidos na convocatoria ou que da consulta de datos ás Administracións Públicas se deduza que carecen dos devanditos requisitos.

As persoas que tivesen a condición de persoal funcionario de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar esta condición.

7.2 Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes que o superasen e acrediten en prazo, salvo causa de forza maior, o cumprimento dos requisitos esixidos na correspondente convocatoria, ou que da consulta dos datos das súas solicitudes ás Administracións Públicas resulte acreditado o cumprimento dos devanditos requisitos, serán nomeadas persoal funcionario en prácticas pola autoridade competente nas prazas obxecto desta convocatoria, cos dereitos e deberes que legalmente lles corresponden, situación na que desenvolverán un curso selectivo de formación e prácticas no Concello da Coruña, que terá unha duración mínima de dous meses.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do dito nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario en prácticas.

O curso selectivo terá carácter presencial e se desenvolverá no parque de bombeiros da Coruña. Terá unha duración mínima de 300 horas e se estruturará nos seguintes bloques de contido:

- Bloque I:
 - Bombas
 - Vehículos de altura
 - Vehículos varios
- Bloque II: Materiais e ferramentas varias
- Bloque III: Rescate en altura
- Bloque IV: Excarcelación
- Bloque V: Mercancías perigosas
- Bloque VI: Tendidos de mangueras
- Bloque VII: Espumas
- Bloque VIII: Rescate acuático
- Bloque IX: Outras tarefas

Durante o período de realización do curso selectivo e o período de prácticas o persoal funcionario percibirá as retribucións que lles correspondan de acordo coa lexislación vixente.

Se algunha persoa aspirante causara baixa no curso e/ou período de prácticas sen que tivese transcorrido mais do 10% da duración total de horas da súa duración, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria de persoas aspirantes que superasen as probas que sigan as persoas propostas, de conformidade co establecido na base 6, debendo superar o recoñecemento médico preceptivo e acreditar o cumprimento dos demais requisitos esixidos na convocatoria.

Será causa de baixa na continuación do curso e/ou período de prácticas, e polo tanto no proceso selectivo, ter un número de faltas de asistencia, sen xustificación, que superen o 10% da duración do curso e/ou período de prácticas.

Rematado o curso selectivo e o período de prácticas, o/a suboficial do servizo de extinción de incendios do Concello da Coruña, ou a persoa en quen delegue, elaborará un informe individualizado do persoal funcionario en prácticas que reflexe que superou ou non o devandito curso e período de prácticas.

A superación do devandito curso e período de practicas constituirá requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira nas prazas convocadas. Superado este curso e período de prácticas, procederase ao nomeamento das persoas aspirantes que o superasen como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión no posto correspondente.

As persoas aspirantes que non superen o curso selectivo poderán incorporarse ao inmediatamente posterior coa puntuación asignada ao último das persoas participantes neste. De non superalo perderán todos os seus dereitos ao nomeamento como persoal funcionario de carreira.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP como persoal funcionario de carreira; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario de carreira.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.

ANEXO I: PRBAS FÍSICAS**1. PROBA DE FONDO: 3.000 METROS LISOS****Finalidade:**

Medir a capacidade de traballo aeróbica das persoas aspirantes.

Descrición:

Posición de saída: de pé detrás da liña de saída.

Desenvolvemento:

Percorrer unha distancia de 3000 metros nunha pista de atletismo de 400 metros de corda.

Regras:

1. O cronómetro ponse en marcha cando o que ordena a saída baixando a man alzada, cun asubío ou a través dunha pistola de atletismo.
2. Detense o cronómetro no momento en que cada unha das persoas aspirantes alcanza a meta.
3. Non se permite que as persoas corredoras interfiran unhas coas outras.
4. A proba efectuarase nun único intento.
5. Utilizarase un calzado deportivo, con sola de goma. Está permitido o uso de zapatillas de cravos.

Puntuación: Anotarase o tempo investido por cada persoa aspirante en minutos e segundos.

| DISTANCIA HOMES | DISTANCIA MULLERES | PUNTUACIÓN |
|-----------------------|-----------------------|------------|
| 11'30" ou máis | 13'20" ou máis | Eliminada |
| Entre 10'57" e 11'29" | Entre 12'40" e 13'19" | 0,00 |
| Entre 10'24" e 10'56" | Entre 12'01" e 12'39" | 2,00 |
| Entre 9'51" e 10'23" | Entre 11'22" e 12'00" | 4,00 |
| Entre 9'18" e 9'50" | Entre 10'44" e 11'21" | 6,00 |
| Entre 8'45" e 9'17" | Entre 10'05" e 10'43" | 8,00 |
| Menos de 8'45" | Menos de 10'05" | 10,00 |

2. PROBA DE NATACIÓN: Natación, natación e mergullo con aletas e remolque con aletas (150 metros)**Finalidade:**

Comprobar se a persoa aspirante se desenvolve con autonomía suficiente no medio acuático e é capaz de levar a cabo desprazamentos eficaces tanto por superficie como no medio subacuático, con e sen aletas, así como facendo unha simulación de remolque.

Descrición:

O exercicio consiste en zambullirse, nadar (50 m), colocalas aletas e mergullarse (25 m), nadar con aletas (25 m) e remolcar un balón medicinal levándoo completamente fora da auga (50 m).

Percorreranse 150 m en total, nunha piscina de 25 metros distribuídos nos seguintes percorridos.

Posición inicial:

De pé no bordo da piscina na zona de saída, con bañador, gorro de baño e aletas colocadas á beira do poyete (permítese o uso de lentes de natación).

Desenvolvemento:

A persoa aspirante situarase ao bordo da piscina á voz de aviso («aos seus postos»); a sinal de saída será dada por un membro do tribunal á voz de «xa», ou mediante un asubío, entón a persoa aspirante lanzarase á piscina iniciando o percorrido A, o mergullo durará un máximo de 15 metros neste tramo, e seguidamente sen interrupción o B, C, D, E e F finalizando o exercicio cando toque con calquera parte do corpo a parede vertical do vaso da piscina en zona de meta, ao final do último percorrido F. Permitirase apoiar os pés no fondo da piscina ao final do percorrido B para colocar as aletas se a profundidade da piscina obriga a iso.

Regras:

A persoa aspirante terá un só intento para a execución desta proba.

O cronómetroponse en marcha ao sinal de saída cando un membro do tribunal dá a voz de «xa» ou mediante un asubío e detense cando a persoa aspirante toca a parede ao final do último percorrido F.

En todo momento a persoa aspirante manterase pola rúa asignada e delimitada polas corcheras; pode impulsarse na parede coas pernas ao final dos percorridos A, B, C, D e E. Os percorridos A, B, C, D e E, considéranse realizados sempre que a persoa aspirante toque a parede con calquera parte do seu corpo.

O peso dos balóns medicinais serán de 3 kg para as mulleres e de 5 kg para os homes.

As medidas das aletas non poderán exceder os 65 cm de longo e 30 cm de ancho.

Invalidacións:


O exercicio será nulo cando a persoa aspirante:

- Para finalizar o exercicio, camiñe polo fondo ou se axude nas corcheras, estimándose que non finalizou a mesma.
- Se cambie de rúa.
- Saia á superficie da auga na zona de mergullo. A persoa aspirante debe mergullarse e saír á superficie (ao comezo e ao final do percorrido C) estando en contacto coa parede do vaso.
- Realice o exercicio nun tempo superior á marca establecida.
- Se sente no bordillo para poñer as aletas.
- Efectúe dúas saídas falsas, entendendo por saída falsa lanzarse á piscina antes da voz da orde de saída («xa» ou asubío).
- O balón medicinal toque a superficie da auga na zona de remolque.


REPRESENTACIÓN ESQUEMÁTICA

A) Zambullida + 25m nado estilo libre


B) 25m nado estilo libre




C) Colocación das aletas e 25m mergullo



D) 25m crol con aletas + recollida do balón medicinal 3kg (mulleres) ou 5kg (homes)



E) y F) 50m remolque con aletas, o balón debe ir totalmente fora da auga durante os 50m



Puntuación:

Anotarase o tempo invertido en minutos e segundos.

| TEMPO HOMES | TEMPO MULLERES | PUNTUACIÓN |
|---------------------|---------------------|------------|
| 2'25" ou máis | 2'45" ou máis | Eliminada |
| Entre 2'16" e 2'24" | Entre 2'35" e 2'44" | 0,00 |
| Entre 2'07" e 2'15" | Entre 2'25" e 2'34" | 2,00 |
| Entre 1'58" e 2'06" | Entre 2'15" e 2'24" | 4,00 |
| Entre 1'49" e 1'57" | Entre 2'05" e 2'14" | 6,00 |
| Entre 1'40" e 1'48" | Entre 1'55" e 2'04" | 8,00 |
| Menos de 1'40" | Menos de 1'55" | 10,00 |

3. CIRCUITO PSEUDO-TÁCTICO TERRESTRE

Finalidade:

Medir a resistencia mixta (aeróbica- anaeróbica), forza, equilibrio e coordinación.

Descrición:

Consiste en realizar un circuito, composto por unha subida dunha corda lisa de 5 m, unha carreira vertical sobre tramos de escaleira en torre de manobras ou edificio e a superación a continuación doutros 6 obstáculos (un parapeto, un taboleiro de equilibrios, un tubo, unha proba de rebo, un exercicio de salvamento e unha arrancada con pesas) nun tempo máximo de 3 minutos, 45 segundos, 0 décimas e 0 centésimas. Só se realizará un intento.

Desenvolvemento:

3.1. Trepa de corda

Trátase de medir o grao de control sobre o propio peso e destreza da persoa aspirante.

Á voz de «xa» do controlador, a persoa aspirante partirá da posición que escolla libremente e deberá subir, sen salto inicial, por unha corda lisa ata pasar coas dúas mans unha marca que estará situada a unha altura de 5 metros. Unha vez toque claramente coas dúas mans ao mesmo tempo por encima da marca, a persoa aspirante baixará a corda, sen saltar, descenderá o tramo de escaleiras correspondente e comezará o apartado seguinte. A persoa aspirante poderá aplicar a técnica que considere convinte.

Non se permitirá o uso de luvas para a realización da proba.

Non se permitirá utilizar o salto ao inicio nin ao final da proba.

3.2. Torre de manobras ou edificio

A persoa aspirante percorrerá uns 15 m ata chegar á escaleira de 2 tramos de 13 chanzos cada un, que lle levará á entrada da torre de manobras ou edificio (planta baixa); unha vez alí, recollerá dous implementos de 6 Kg para homes e de 5 Kg para mulleres de peso aproximado cada un, e transportaralos durante toda a carreira vertical ata a segunda planta (por 3 veces). Unha vez alcanzada a cota, e tras pisar o último chanzo cos dous pés, descenderá sen perder contacto cos implementos e pisando todos os chanzos. Finalizado este primeiro descenso completará un segundo ascenso e descenso nas mesmas condicións que o anterior. Finalizado o segundo descenso, completará un terceiro ascenso e descenso nas mesmas condicións que os anteriores. Finalizado o terceiro descenso, colocará os implementos no lugar en que os reco-

lleu. A subida á primeira planta farase mediante dous tramos de escaleiras de 13 chanzos cada un, para a segunda planta, a subida farase mediante dous tramos de escaleiras de 10 chanzos por tramo. Será motivo de eliminación da proba, sen posibilidade de continuar o resto do circuíto, cando a persoa aspirante perda o contacto cos implementos ou non deposite os implementos no lugar delimitado no que os recolleu inicialmente. En caso de caída ou de saltarse algún chanzo nas baixadas, poderase reiniciar a marcha no chanzo da mesma. Non será motivo de eliminación non pisar todos os chanzos nas subidas.

3.3. Parapeto

Tras a saída da torre ou edificio, a persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición aproximada de 10 metros ata o obstáculo denominado parapeto, consistente na simulación dun muro pantalla de 2,26 metros de altura, 3 metros de lonxitude e 0,06 metros de anchura, aproximadamente.

3.4. Taboleiro de equilibrio

Superado o anterior obstáculo, a persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición de 4,50 metros aproximados en dirección ao taboleiro de equilibrio, ao que accederá a través dunha rampla ou plano inclinado de aproximadamente 45° de inclinación, 1,20 metros de lonxitude na base e 52 centímetros de anchura. Unha vez situado no extremo do taboleiro de 12 centímetros de anchura, deberá cubrir de pé, a distancia de 4,50 metros en nivel ascendente, con arranxo á diferenza de alturas dos dous extremos desde o chan, 1,20 metros e 1,40 metros respectivamente. Finalizado o traxecto caerá sobre unha superficie de 2 metros de lonxitude delimitada no chan. Será motivo de eliminación, sen posibilidade de continuar o resto do circuíto, cando a persoa aspirante caia do taboleiro dúas veces ou se axude das mans neste. A caída desde a rampla non será motivo de eliminación. Será motivo de eliminación baixar da barra fóra da superficie marcada para tal propósito.

3.5. Tubo

A persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición de 7,30 metros aproximados desde o final da barra para dirixirse ao obstáculo denominado tubo, angosto e sen luz, cunha sección circular aproximada de 0,55 metros, no que deberá introducirse e avanzar reptando polo seu interior unha lonxitude aproximada de 12 metros.

3.6. Desescombros

A continuación, a persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición de 3 metros aproximadamente ata o seguinte obstáculo que deberá superar, denominado rebo, que consta de dous elementos. O primeiro é un caixón de 2 metros de longo, 0,50 metros de ancho e 0,30 metros de altura, aproximados, sobre o que están colocados 6 sacos terreros dun peso aproximado, cada un, de 15 Kg para homes e 12 kg para mulleres. A persoa aspirante deberá realizar as accións necesarias de maneira continuada para coller os sacos do caixón onde se atopan e depositalos no segundo elemento consistente nunha estrutura, a modo de andel, de 1,60 metros de altura, 2 metros de lonxitude e 0,50 metros de anchura, aproximados. Unha vez estean todos os sacos na estrutura realizará a acción inversa, volvendo depositar os sacos no caixón, momento en que finalizará a realización do devandito obstáculo. Será motivo de eliminación, sen posibilidade de continuar o resto do circuíto, se os sacos se depositan fora dos lugares indicados. En caso de caída dos sacos desde o andel, estes deberán de recollese e colocarse no seu sitio.

3.7. O salvamento

A persoa aspirante percorrerá unha distancia de transición de 3,50 metros aproximadamente ata alcanzar o obstáculo denominado salvamento, no que a persoa aspirante deberá arrastrar aproximadamente 20 metros, en dous traxectos de 10 metros, un maniquí de 60 Kg de peso para homes e 48 kg para mulleres e 1,70 metros de altura aproximados, coa seguinte secuencia de execución: o maniquí atoparase no chan en posición tendido prono dentro dun contorno delimitado. A persoa aspirante collerá o maniquí e elevarao situando as costas do maniquí na parte anterior do torso, abrazando o tronco por baixo das axilas, deixando os brazos libres. O transporte deberao realizar suspendéndoo do chan ou só co apoio dos talóns do maniquí, e ira desprazándose de costas, segundo o sentido da marcha ata unha liña de sinalización situada a unha distancia aproximada de 10 metros e que terá que cruzar cos dous pés e cos dous talóns do maniquí, momento en que deberá cambiar o sentido da marcha e volverá ata o contorno delimitado onde colleu o maniquí para colocalo dentro do mesmo e en posición de tendido supino, momento en que finalizará a realización do devandito obstáculo.

Será motivo de eliminación, sen posibilidade de continuar o resto do circuíto, que a persoa aspirante non arrastre o maniquí da forma indicada no parágrafo anterior, non pise claramente cos dous pés do lado de fóra da liña ou non pasen claramente por fóra da mesma os dous talóns do maniquí, perda o contacto co maniquí ou o deposite total ou parcialmente fora do contorno delimitado ou en distinta posición á sinalada no parágrafo anterior. En caso de caída co maniquí poderase retomar o intento.

3.8. Arrancada

A persoa aspirante subirá de novo os 2 primeiros tramos de escaleiras (13 + 13 banzos) ata chegar ao primeiro piso e percorrerá os 15 m aproximadamente que lle levarán ata alcanzar o obstáculo denominado arrancada, no que deberá elevar un carro de pesas dun peso aproximado de 40 Kg para homes e 32 kg para mulleres. O citado carro de pesas estará situado no chan, xunto aos dous soportes ou pinzas de recepción de 1,50 metros de altura aproximados, dispostos en liña e equidistantes con arranxo á lonxitude de barra que se empregue. A persoa aspirante situarase xunto ao carro de pesas, agarrará a barra e aplicando a técnica de cargada que considere oportuna, elevará o carro de pesas e o colocará sobre os soportes ou pinzas. Cando se produza o contacto sobre as mesmas, volverá retornar o carro de pesas á situación inicial mediante o movemento inverso. O momento no que os discos ou pesas tocan o chan, considerárase como o final da proba e do exercicio pseudo-táctico terrestre.

Será motivo de eliminación, sen posibilidade de continuar a proba, a incapacidade para elevar o peso, non conseguir contacto co soporte ou pinzas ou perder, en calquera momento, o contacto co carro de pesas ata que se depositaron no chan.

Puntuación:

Anotarase o tempo invertido en minutos e segundos.

| TEMPO HOMES | TEMPO MULLERES | PUNTUACIÓN |
|---------------------|---------------------|------------|
| 3'45" ou máis | 4'10" ou máis | Eliminada |
| Entre 3'30" e 3'44" | Entre 3'54" e 4'09" | 0,00 |
| Entre 3'15" e 3'29" | Entre 3'38" e 3'53" | 2,00 |
| Entre 3'00" e 3'14" | Entre 3'23" e 3'37" | 4,00 |
| Entre 2'45" e 2'59" | Entre 3'08" e 3'22" | 6,00 |
| Entre 2'30" e 2'44" | Entre 2'53" e 3'07" | 8,00 |
| Menos de 2'30" | Menos de 2'53" | 10,00 |

ANEXO II: TEMARIO**PARTE COMÚN:**

TEMA 1.- A Constitución Española. Título preliminar. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. As Cortes Xerais. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. A organización territorial do Estado.

TEMA 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. Das competencias de Galicia.

TEMA 3.- O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos: Territorio e poboación. Organización. Competencias. O réxime de organización dos municipios de gran poboación.

TEMA 4.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas: Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Situacións administrativas. Incompatibilidades.

TEMA 5.- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Recursos das facendas locais: Enumeración. Taxas. Prezos Públicos. Os orzamentos: Contido e aprobación.

TEMA 6.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Da revisión dos actos en vía administrativa.

TEMA 7.- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública: Ámbito subxectivo de aplicación. Dereito de acceso á información pública: Réxime xeral. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas.

TEMA 8.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade: As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

PARTE ESPECÍFICA:

TEMA 1.- Teoría do lume. Conceptos básicos. Combustións. Triángulo e tetraedro do lume. Tipos de lumes. Evolución dos lumes. Transmisión dos lumes.

TEMA 2.- Mecanismos de extinción. Axentes extintores. Aplicacións, usos, vantaxes e inconvenientes dos axentes extintores.

TEMA 3.- Hidráulica básica. Propiedades dos fluídos. Hidrostática. Hidrodinámica.

TEMA 4.- Bombas centrífugas. Instalación hidráulica.

TEMA 5.- Lumes de interior. Desenvolvemento de incendios de interior. Influencia do combustible. Influencia do recinto. Riscos do traballo en lumes de interior. Influencia da aplicación de auga sobre lumes.

TEMA 6.- Técnicas de intervención en lumes de interior. Aplicación de auga. Traballo en espazos sen visibilidade.

TEMA 7.- Ventilación de lumes. Influencia da ventilación. Técnicas de control da ventilación.

TEMA 8.- Incendios de vexetación. Lumes exclusivos de vexetación. Transmisión da calor en incendios forestais. Factores que determinan o comportamento nun lume forestal. Combustibles forestais. Factores do propio lume que determinan o seu comportamento. Clasificación e identificación de alarma segundo o fume.

TEMA 9.- Técnicas de intervención en lumes de interfaz urbano-forestal. Ataque directo. Ataque indirecto. Outros medios e técnicas de extinción de lumes.

TEMA 10.- Rescate en altura. Principios básicos do traballo en altura. A cadea de seguridade. A corda no rescate. Física da caída. Os sistemas de anclaxe de Seguridade (SAS). Técnicas de intervención. Nós. Os polipastos. Descensos e ascensos con cordas.

TEMA 11.- Rescate en accidentes de tráfico. Tipos de accidentes e lesións máis frecuentes. Tipos de vehículos. Elementos de seguridade nos vehículos. A intervención en accidentes de tráfico. Técnicas de intervención.

TEMA 12.- Edificacións. Conceptos de física aplicados á edificación. Sistemas construtivos básicos empregados na construción. Materiais de construción. Técnicas de estabilización de sistemas construtivos e terreos. Tácticas de intervención.

TEMA 13.- Estructuras colapsadas. Derrubamentos. Desenrolo xeral das intervencións en estruturas colapsadas. Sistemas de localización e busca de persoas atrapadas. Sinalización das zoas inspeccionadas. Técnicas de intervención.

TEMA 14.- NRBQ. Conceptos básicos e propiedades físico-químicas. Sustancias químicas, residuos tóxicos e mercadorías perigosas. Recipientes de transporte e almacenaxe. Afección en sinistros.

TEMA 15.- Recoñecemento e identificación de mercadorías perigosas. Técnicas de intervención.

TEMA 16.- Risco eléctrico. Conceptos básicos sobre electricidade. Redes eléctricas. Medidas de seguridade con risco eléctrico. Efectos da electricidade no organismo.

TEMA 17.- Aperturas forzadas. Portas. Pechaduras. Ventás. Técnicas de intervención.

TEMA 18.- Rescate en ascensores. Tipos de ascensores. Partes comúns dun ascensor. Técnicas de intervención.

TEMA 19.- Equipos de protección individual (EPI). EPI na uniformidade do bombeiro e vestiario.

TEMA 20.- Equipos de protección individual das vías respiratorias.

TEMA 21.- Equipos de protección individual para traballar con tensión eléctrica.

TEMA 22.- Equipos de protección individual de traballos en altura.

TEMA 23.- Equipos NRBQ.

TEMA 24.- Equipos e ferramentas de extinción.

TEMA 25.- Ferramentas manuais. Ferramentas de corte. Ferramentas de extricaxe e excarceración. Ferramentas de arrastre e elevación. Ferramentas para apeos.

TEMA 26.- Soporte Vital. Valoración primaria e secundaria do paciente. Soporte vital básico en adultos e nenos. Uso básico do DESA.

TEMA 27.- Urgencias traumáticas. Atención inicial ao paciente politraumatizado. Traumatismos. Feridas e lesións de tecidos brandos. Mobilización e inmovilización. Grandes emerxencias e catástrofes. TRIAXE. Patoloxía por calor e frío.

TEMA 28.- Real Decreto 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

TEMA 29.- Lei de Emerxencias de Galicia. Plans territoriais. PLATERGA. Plans especiais.

TEMA 30.- Código Técnico da Edificación: Documento Básico de Seguridade contra incendios.

TEMA 31.- Ordenanza contra incendios do Concello da Coruña (BOP núm. 79 do 26/04/2018).

TEMA 32.- Guía da cidade. Situación de edificios singulares, históricos e oficiais; Situación de rúas, prazas, vías de comunicación, barrios, ríos do termo municipal; Percorridos (camiño a seguir entre dous puntos).

ANEXO III: PRÓBAS PRÁCTICAS

Consistirá na realización de tres probas, a elección do tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de entre todas as probas relacionadas neste anexo. A realización destas probas non poderá ser observada polas restantes persoas opositoras. Só se poderá realizar un intento en cada unha das probas.

1ª. - AUTOESCALEIRA

- a) Descrición: a proba consiste en subir unha autoescaleira de 30 m, a 65° de inclinación ata a súa parte superior. A persoa aspirante deberá subir e baixar de fronte aos chanzos.
- b) Posición de saída: no chan, fronte á escaleira.
- c) Tempo máximo de realización: 55 segundos.

2ª. - OXICORTE

- a) Descrición: a proba consiste en cortar unha prancha de aceiro de 1,5 cm de espesor e de 25 cm de lonxitude, utilizando un soprete con osíxeno e acetileno. A persoa aspirante terá que efectuar a regulación das presións de ambos os dous gases nas válvulas das botellas e do soprete.
- b) Tempo máximo de realización: 2 minutos e 30 segundos.

3ª. - MANEXO DE MOTOSERRA

- a) Descrición: consiste en cortar un taboleiro de madeira dun diámetro non superior a 50 cm utilizando unha motoserra. A persoa aspirante terá que realizar todas as operacións necesarias para poñer en funcionamento a motoserra e realizar o corte. O corte será realizado coa técnica adecuada segundo a situación do taboleiro. Se se produce algún contacto da folla da motoserra co chan ou con algún obxecto colocado, que expresamente se indicara que non se pode tocar, a persoa aspirante será eliminada.
- b) Tempo máximo de realización: 1 minuto e 30 segundos.

4ª. - MANEXO DE AMOLADORA

- a) Descrición: a proba consiste na realización dun corte nunha peza de cachotaría non superior a 50 cm de lonxitude e un máximo de 5 cm de espesor utilizando unha radial eléctrica. A persoa aspirante terá que realizar todas as operacións necesarias para poñer en funcionamento a ferramenta e realizar o corte.
- b) Tempo máximo de realización: 1 minuto.

5ª. - NÓS

- a) Descrición: a proba consiste na realización dalgún dos nós seguintes, que serán elixidos polo tribunal, segundo a UIAA (Unión Internacional de Asociacións de Alpinismo):
 - Chairo, ballestrinque, nó de fita, presilla de laberca, dinámico, oito dobre, oito dobre seo (dobre gaza), nove dobre, pescador dobre e bolboreta.

A realización dos nós poderase solicitar aplicándoo nun soporte.

- b) Tempo máximo de realización: 2 minutos por cada un dos nós realizados.

ANEXO IV: EXCLUSIÓNS MÉDICAS**1. Obesidade-delgadeza**

- Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o servizo das funcións propias do cargo.
- Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresado en metros.

2. Oftalmoloxía

- Diminución da agudeza visual inferiores a 1/3 no ollo mellor e 1/4 no ollo peor sen lentes correctoras.
- Patoloxía que, a xuízo do tribunal, poida alterar o desenvolvemento da función da profesión ou agravarse con ela, entre elas:
 - Retinopatía (admítese a coriorretinite central serosa)
 - Retinose pigmentaria.
 - Hemeralopía
 - Hemianopsia.
 - Diplopia.
 - Discromatopsias importantes, que poidan alterar o desenvolvemento da función a xuízo do tribunal.
 - Glaucoma.
 - Afaquias, pseudoafaquias.
 - Subluxación do cristalino.
 - Distrofia corneal progresiva ou con diminución da agudeza visual inferior á permitida. Queratite crónica.
 - Alteracións oculomotoras importantes.
 - Dacriocistite crónica.
 - Pálpebras: calquera patoloxía ou defecto que impida a protección do ollo á intemperie. Tumores oculares.
 - Amputación importante do campo visual en ambos os ollos.

3. Otorrinolaringoloxía

- Non se admitirá audiófono.
- A agudeza auditiva conversacional admitindo perdas de entre 1000 e 3000 hertzios a 35 decibeis ou de 4000 hertzios a 45 decibeis.
- Vertixe
- Dificultades importantes da fonación.
- Perforación timpánica.

4. Aparato locomotor

Non padecer: Enfermidades e limitacións de movementos: Non admitirán graos de mobilidade inferiores a:

a) Extremidades superiores:

- Ombro:

Elevación progresiva en anteversión ata 180°.

Abdución ata 120°.

Dinamometría escapular menos de 25 quilos.

- Cóbado:

Flexión ata 140°.

Extensión ata 0°.

Supinopronación de 0° a 180°.

- Boneca|Pulso: Flexo-extensión ata 120°.

- Mans e dedos: Deformidades que impidan flexo-extensión dos dedos ou o manexo de ferramentas.

- Dinamometría: Non inferior a 30 quilos en calquera das mans.

- Calquera falta ou perda do primeiro dedo íntegro dunha man cando non estea conservada a pinza do polgar e o índice.

- Non se admitirá a perda de 2 falanxes nos 3°, 4° ou 5° dedo.

b) Extremidades inferiores:

• Cadeira:

• Flexión ata 120°.

• Extensión ata 10° (máis alá de 0°).

- Ter unha extremidade inferior máis curta que a outra (maior de 1,5 cm.).
- Xeonllo:
- Extensión completa.
- Flexión ata 130°.
- Laxitude ligamentosa patolóxica.
- Nocello: Flexo-extensión dorso plantar ata 45°.
- Pé: Alteracións musculoesqueléticas que impidan ou dificulten as funcións propias, e/ou a utilización de botas de traballo.

c) Columna vertebral:

- Escoliose e/ou aptitudes escolióticas maiores de 15°.
- Hernia discal intervida.
- Costela accesoria que produza roubo subclavicular.
- Intervencións cirúrxicas en columna vertebral, discos, apófise, etc.

Enfermidades varias:

- Fracturas que deixen secuelas e dificulten a función ou a limiten.
- Osteomielite.
- Osteoporose.
- Condromalacia.
- Artrite.
- Luxación recidivante non intervida.
- Parálise muscular.
- - Miotonía conxénita.
- Espondilolistesis grao un.
- Calquera outra enfermidade ou alteración osteomuscular que limite a mobilidade dificultando as funcións propias das tarefas do Corpo de Bombeiros.

5. Aparato dixestivo

- Cirrose.
- Hepatopatías crónicas.
- Pancreatite crónica.
- Úlcera sanguenta recidivante.
- Calquera patoloxía do aparato dixestivo ou intervencións cirúrxicas que presenten secuelas funcionais con repercusións orgánicas e que incidan negativamente no desempeño do seu traballo.
- Hepatopatías agudas con repercusión encimática importante.

6. Aparato cardiovascular

- Hipertensión arterial maior de 155/95 mmHg
- Insuficiencia cardíaca.
- Infarto de miocardio, nin sufrilo anteriormente.
- Coronariopatías.
- Arritmias importantes con repercusión hemodinámica.
- Taquicardia sinusal permanente de máis de 120 latidos por minuto.
- Flutter - Fibrilación.
- Síndromes de preexcitación.
- Bloqueo aurículo Ventricular de 2° ou 3° grao.
- Extrasístoles patolóxicas.
- Valvulopatías. Non se admitirán próteses valvulares.
- Aneurismas cardíacos ou de grandes vasos. Insuficiencia arterial periférica. Insuficiencia venosa periférica que produza signos de estase ou alteracións tróficas varicosas ou calquera tipo de alteración vascular periférica aínda sen cursar sintomatoloxía. Secuelas postromboembólicas
- Defectos e deformacións dos dedos e/ou mans producidos por problemas de circulación, que sexan sintomáticos ou dificulten a realización satisfactoria dos traballos propios da profesión.

7. Aparato respiratorio

- Insuficiencia respiratoria.
- Diminución do VEMS por debaixo do 80%.
- EPOC - Asma bronquial.
- Atelectasia.
- Enfisema.
- Neumotorax recidivante.
- Outros procesos respiratorios que incidan negativamente nas prácticas físicas a realizar e nas tarefas específicas da profesión.

8. Sistema nervioso central

- Párkinson, corea ou balismo.
- Epilepsia.
- Esclerose múltiple.
- Ataxia.
- Arteriosclerose cerebral sintomática.
- Vertixe de orixe central.
- Alteracións psiquiátricas de base.
- Calquera grao de hiposmia.

9. Pel

Cicatrices que produzan limitación funcional importante, e aqueles procesos patolóxicos que, a xuízo do tribunal, limiten ou se agraven co desempeño da función propia da praza.

10. Outros procesos patolóxicos que impiden o normal desenvolvemento da función da profesión

- Enfermidade de Cushing.
- Enfermidade de Addison.
- Insuficiencia renal crónica.
- Falta dun ril
- Enfermidades renais evolutivas.
- Hemopatías crónicas graves.
- Probas analíticas compatibles con patoloxía de base.
- Tumores malignos invalidantes.
- Tuberculose
- Hernia inguinal.
- Análise de ouriños: albuminuria e/ou cilindruria importantes.

11. Alcoholismo ou drogodependencias ou outras alteracións que poidan interferir coa actividade profesional.

12. Calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico dificulte ou impida o desenvolvemento das funcións do posto a ocupar.

A Coruña, 27 de outubro do 2023

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD.

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas

2023/8606